



Poemas

Miguel Anxo Fernán-Vello

869.108
FER

Col·lecció: Jocs de Paper

95

Poemas

Miguel Àngel Ferrás Vello

Edició: 1999

UNIVERSITAT DE LES ILLES BALEARS



5104613314

Col·lecció Poesia de Paper

95

Poemas

Miguel Anxo Fernán-Vello

Palma, 1999

© del text: l'autor, 1999

© de l'edició: Caixa de Balears «Sa Nostra» i Universitat de les Illes Balears, 1999

Directors de la col·lecció: Francisco J. Díaz de Castro, Perfecto Cuadrado i Albert Ribas


Disseny: Jaume Falconer

Edició: Universitat de les Illes Balears. Servei de Publicacions i Intercanvi Científic. Campus universitari. Cra. de Valldemossa, km 7.5. 07071 Palma

Impressió: Taller Gràfic Ramon. Carrer de Jaume Balmes, 39 i 43. 07004 Palma

ISBN: 84-7632-545-2

DL: PM/1966-1999



Miguel Anxo Fernán-Vello (Cospeito, Lugo, 1958), poeta e dramaturgo, realizou estudos de Música (Guitarra Clásica) no Conservatorio Superior de Música da Coruña e de Psicoloxía e Filoloxía Hispánica na Universidade de Santiago de Compostela.

Conferenciante e articulista, imparte numerosas conferencias en Galicia, España e Portugal, así como leccións de curso en diversas Universidades españolas. Participa tamén como ponente en diversos Congresos nacionais e internacionais sobre literatura.

Como articulista de prensa e colaborador de revistas literarias, desenvolve un intenso labor, estando presentes as súas colaboracións nos principais diarios de Galicia e en diversas revistas literarias españolas e portuguesas.

No ano 1991 funda a empresa editora Edicions Espiral Maior -da que actualmente é o seu Director-, selo editorial que, na actualidade, leva xa publicados, entre outros xéneros, mais de 100 títulos de poesía.

Na actualidade é Secretario Xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e membro de Xunta Directiva do Centro Español de Derechos Reprográficos (CEDRO).

Nos anos 1985 e 1997 foi finalista do Premio Nacional de Literatura cos libros de poemas, respectivamente, *Seivas de amor e tránsito* e *As certezas do clima*.

PREMIOS LITERARIOS (Selección)

Poesía:

I Premio Concurso Nacional de Poesía “O Facho” (1981)

Premio Celso Emilio Ferreiro do Concello de Vigo (1983)

Premio Esquío (1984)

Premio da Crítica Española (1985)

Premio Xacobeo de Poesía (Xunta de Galicia) (1992)

Premio Martín Códax (1996)

Teatro:

Premio de Teatro Breve da Escola Dramática Galega (1981)

Premio de Teatro Breve da Escola Dramática Galega (1983)

Premio de Teatro Breve da Escola Dramática Galega (1985)

Premio Biblioteca do Arlequín (1988)

Premio Biblioteca do Arlequín (1990)

OBRA LITERARIA PUBLICADA

Libros de Poesía

Do desexo en corpo e sombra (Concello de Vigo, 1984)

Seivas de amor e tránsito (Trieste, Madrid, 1984; 2a ed. Algalia, A Coruña, 1985)

Memorial de brancura (Esquío, Ferrol, 1985; 2a de. Espiral Maior, A Coruña, 1992)

Livro das paisaxes vivas (Sotelo Blanco, Barcelona, 1985)

Entre água e fogo (*Cantos da terra posuída*) (Sotelo Blanco, Barcelona, 1987)

Trópico de luas (Compostela, Santiago, 1992)

Poemas da lenta nudez (Espiral Maior, A Coruña, 1994; 2a de. 1997)

As certezas do clima (Galaxia, Vigo, 1996)

Libros de Poesía traducidos a outros idiomas

La raíz poseída (Antología poética, con selección e traducción de Luciano Rodríguez, Olifante, Zaragoza, 1989)

Llibre dels paisatges vius (Trad. de Ramon Dachs, Pagès Editors, Lleida, 1995)

Obra poética en antoloxías en varios idiomas (Selección)

Escolma de poesía galega 1976-1984 (Xosé Lois García, Sotelo Blanco, Barcelona, 1984)

De amor e desamor (10 poetas, O Castro, A Coruña, 1984; 2a de. 1984)

De amor e desamor II (10 poetas, O Castro, A Coruña, 1985)

Antoloxía da poesía galega erórica e amatoria (Xosé Luís Axeitos, O Castro, A Coruña, 1988)

La emoción de la palabra (Antología de poesía ibérica, Ferrol, 1988)

Poesía gallega de hoy (Basilio Losada, Visor, Madrid, 1990)

Sis poetes gallecs (Alex Susanna, Columna, Barcelona, 1990)

Fin de un milenio. Antología de la poesía gallega última (F. López-Barxas e César Antonio Molina, Libertarias, Madrid, 1991)

Notizie sulla poesia galega dalle origini ai nostri giorni. Otto poeti galleggi d'oggi (Selección e traducción de Emilio Coco, Siscribe, Cremona, 1993)

50 anos de poesía galega (Carlos L. Bernárdez, Penta, A Coruña, 1994)

Los caminos de la voz. Seis poetas gallegos de hoy (Luciano Rodríguez, Diputación Provincial de Granada, Granada, 1995)

Poesia Hispânica (Cadernos de Poesia, Hífen, Porto, 1995)

Poesía gallega contemporánea (Litoral, Málaga, 1996)

Antologia della poesia spagnola (Rosa Rossi e Valentí Gómez i Oliver, *Nuove Amadeus*, Roma, 1996)

Antologia de Poesia Galega (Yara Frateschi, Campinas, Brasil, 1996)

* Poemas varios publicados en revistas especializadas viron a luz en castellano, portugués, asturiano, eusquera, catalán, italiano, inglés, francés, alemán e ruso.

Libros de teatro

A tertulia das máscaras (Cadernos da Escola Dramática Galega, A Coruña, 1981)

A estraña señorita Lou (Cadernos da EDG, A Coruña, 1982)

Auto insolito do autor (Cadernos da EDG, A Coruña, 1985)
Cuarteto para unha noite de verao (Sotelo Blanco, Barcelona, 1989)
A casa dos afogados (Sotelo Blanco, Barcelona, 1990)
A casa dos afogados foi estreada polo Centro Dramático Galego no ano 1991, con dirección de Manuel Lourenzo.

Obra teatral en Antoloxías

Literatura dramática galega (Manuel F. Vieites, Sotelo Blanco, Santiago, 1996)
La nueva dramaturgia gallega. Estudio y antología (Manuel F. Vieites, ADEE, Madrid, 1998)

Traduccións teatrais

Na alta mar, de Slawomir Mrozek (1981)
Monos e monas, señores!, de Osvaldo Dragún (1984)
Yerma, de Federico García Lorca (1990) (Obra estreada polo Centro Dramático Galego)

Obra ensaística

O teatro galego actual (Grial, Galaxia, Vigo, 1985)
Conversas en Compostela con Carballo Calero (Sotelo Blanco, Barcelona, 1986)
A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras (Sotelo Blanco, Barcelona, 1989)
A Coruña da cultura e a modernidade (Xerais, Vigo, 1995)

Obra narrativa

Anti-memoria dun día (Edicións do Castro, A Coruña, 1982)

BEIXO NOCTURNO

Sei do beixo nocturno na espiral
do desexo.

O lentísimo lábio
musculado
requeima nun abismo de
luz húmida que adentra.
Oleosa dozura amornecendo
o sangue máis no fondo, máis lácteo
cor-de-rosa,
enlameado e puro,
recrescido.

Porque o beixo nocturno
ten perfil de serpente
en lingua ávida,
fluínte e diluída
de sementes lunares;
esencias agri doces
ou salgadas e férvidas no abismo
coñecido, na morada
fendida que esvazía un incendio
nas bocas
deslizadas ao centro;
masa líquida
recurvada e ansiosa,
destilación convulsa
de inmodulada morte en eco lamacente,
cinzas dunha auga seca

en furias ondeantes,
entretecidas chamas dun xemido
quebrado, doces ondulamentos
dun estertor de gloria.
Animais tan submersos
enrubescen na entraña do
pracer deslocado,
instantánea grandeza
do fin no fulgor lento
das bocas fascinadas.

O beixo

morde axila espumada e profunda
de suave queimadura
e floresce vermello
levedando unha ardencia pensativa e constante
nos calcinados labios.

Sei

do beixo nocturno da muller silenciosa,
sei dos beixos escuros
até acender as bocas dunha pureza extraña,
a delicada morte dos alentos sen seiva,
sen aurora carnal, lingua de lume húmida,
húmida cinza pura, húmida morte
lenta
até a terra sen nódoa.
Sei do beixo nocturno da muller silenciosa
até perder os lábios consumidos de soño
sen final nen comezo.

III

Deslizo esa materia lenta do beixo a un interior sonámbulo

onde o milagre é húmida razón de escuridade ou lume
que nos medra do corazón do fondo límpida língua plena
latexo boca corpo ou centro que penetra a chama recrescida
labios triunfantes sobre o fluir dun fruto manso e dúctil
líquido térreo e nu de ansiosa polpa espuma enrubescida
beixar a cor da eternidade ébria violácea a flor de calma
beixar o xesto lácteo e diluido da fêmea tepidez amaciada
volume delicado nun sopro de semente docísima
deslizo o beixo en óvulos de auga realizando o silencio
dunha abóbada espesa unha oferta branda de febre na
ternura

até o submundo róseo estalado de gozo serenidade pura
do caos máis harmonioso beixar o beixo leve como asa detida
na sensación do fondo na conquistada vida para o fulgor suave
do fin que recomeza do fin que eleva o gume do pracer para un
cosmos
de latexo infinito.

POEMA CREPUSCULAR

De qué constan as lúas do tempo feito ocase
de tardes que non volven a devalar en noites,
qué materiais suspensos dun único momento
permanecen sonámbulos na luz daquelas horas.
Fica detido o xesto interior do recordo,
o sentido e as formas, a exactitude intensa
do brillo do crepúsculo nos ollos conmovidos.
Cómo invadir as cousas outravolta de ecos
dun grave corazón sobre todo o espazo,
a música das chamas que arderon pensativas
sobre tanta distancia e horizonte e altura.

¿Algún verso no días é só un silencio escuro?
Unha tarde é unha fábrica de límites de lume
que divide as palabras, un oco no horizonte
que penetra unha espada de fulgor, sangue puro
dun labio que se fende entre a terra e o ar.
Antes da sombra un brado de fogo, cor e luz
de espectro traspasado como unha brasa antiga
polo tempo sen carne, no crepitar silente
da saudade en dureza de ferida e de incendio.

De qué forma a nostalxia é un vacío crepúsculo
onde o corpo adiviña unha dor fronte ao tempo,
de qué lugar os ollos transmigran a lembranza
dunha ardente saúde, cando o amor fluía
interminábel seiva reverdecendo a alma,

cando o pracer mordía un ceo polo sangue,
unha lúa na tarde que dilue a beleza.

Fica o amor nas cousas, desde as tardes, no tempo,
frente á noite, nos líquidos que desvelan a morte.
Unha cor triste e fonda, acendida e espesa,
unha sombra violenta que cintila no alto,
un espírito escuro como un corpo esquecido
que atravesa unha chama de purpúrea presenza.
Qué abismal para os ollos a fermosura toda
Qué vertixe no tempo, que loucura infinita
frente ao mar, esta morte que calcina e consume
até as totais estrelas do fin que brillarán no sangue.

Como esa leve arte de respirar o mundo que
iluminan as tardes cando as horas suspenden a lembranza do
inverno.

Porque a neve é tan pura na carnación dos lábios que queima
docemente até o sangue azulado da vertixe dos beixos.

Porque o tempo é un segredo onde os meses máis brancos
perfilan sobre o corpo unha lenta saúde de frío e fermosura.

¡Ai cómo treme clara a soidade do vento!

Un amor sen destino fronte á noite nevada de camiños e soños.

CRÓNICA

in memoriam Antón avilés de Taramancos.

Levábamos cen noites agardando entre a néboa.

Cen noites agardando dentro de cada noite.
A luz dun mapa a penas sabía de nós no fondo
dun camiño intrazado no límite do mundo.
Por veces viña un eco perseguido de vento
e un mesto mar insomne poboaba o silencio
de arborecida calma.

Nada se adiviñaba no corazón prendido
a un astro de soedade, a un país invisíbel
que nacía nos ollos.

Levábamos cen noites de paciencia infinita,
agardando, agardando no devalar das lúas,
e era un grave latexo entretecido á sombra
máis azul da esperanza.

Estábamos unidos por unha vella forza,
unha raíz atada á terra, ao mar, ao ceo,
e tíñamos cen noites detrás do noso sangue,
á espreita do universo, no duro tempo túnel
que consume o alento.

O inimigo é un inferno que nos invade a alma.

Sabíamos que un día chegaría nun lóstrego
a nos queimar o cerne do noso amor durísimo.
Mais soubemos medir no límite do sangue
o camiño perfecto,
armados como a luz contra os campos escuros.

ORACIÓN

Fillos da terra húmida, país dos dez mil ríos, as néboas rompen na mañá dura e solar e brilla a pedra fermosa do sul.

Sobe o sabor enraizado das viñas ata o labio dos frutos brancos do mediodía. Canta o ferro e a pedra nos talleres abertos ao ceo.

Fillos da terra aceda, país dos xacementos e das industrias lentas do crepúsculo, un volume de sombras na hora baixa do sílex e no verdor escuro das aldeas.

Cheira o pan amasado a vento quente e nas bisbarras do liño e do centeo luce o sol toda a gloria do día.

Fillos da terra amada, país entre auga e fogo, todo o mar fronte ás albas e o amor que florece na estación das palabras.

Hai un pobo de luz, unha saúde anchísima de arxila, estrela firme. Hai un signo fecundo nos astros que move o corazón atado ao universo.

Fillos da hora rosácea ou templo de paciencia infinita.

CREPÚSCULO NO ESPELLO

ATA sentir no perfil do sangue a sede azul da
árbore,

o corazón rozando unha estrela de sombra,
esa seiva de lonxanía íntima, cinza e vento seco
que vén do norte e queima o vidro de frescura.

Ata sentir o gume dunha luz salitrosa e granate entre as tempas,
un bosque urbano de lámpadas, bares, febres e rúas mortas.

Ata sentir o mar ardendo e ata morder a chama
e a nudez do desexo, esa ferida branca no espello
e a seda escura do ceo.

Ata sentir no rostro a man de xiz da noite
borrando o centro dos ollos,
a lentitude avermellada do asombro,
unha tristeza que vive na outra raíz do tempo
e que nunca poderá ser humana.

MARZO

MARZO de frescura, o voo prateado da
sombra.

Exhalación dun astro brillando detrás da sede,
detrás dos ollos que penetran a luz dentro dos ollos,
no íntimo asombro, nesa queimadura de auga
que bebe o ceo.

Marzo de frescura, fulgor verde, labio de fonte arborecida,
ancha saúde do ar. Como un río de espellos
ferve o perfil do día, a raíz invisíbel do tempo.

Marzo, ¡sabor a seiva, sabor a estrela fría!

Nas aldeas do norte o vento é de sal e de arxila.
Aí a primeira febre da claridade morde o pan da mañá,
a carne da árbore, ese aroma novo no sangue
cando entra o sol no fruto e treme o corazón.

Marzo delgado e duro, por dentro un eco de brancura e de
chuvia,
un mar que vén polos campos: lámina constelada
de flor e néboa. Marzo de albas xeadas
antes da luz que cega o centro da auga.

Entre o incendio frío e a seda azul do vento,
Marzo de ardente gume onde a sombra do inverno
morre extasiada, vencida polo fogo dos días.

VISIÓN DUN CORPO NA PRAIA

Labio de luz que treme na nudez

dun astro de brancura.
Movemento delgado
como perfil de auga.
Peixe de lentitude adiviñando o corpo
a súa sílaba húmida,
unha estrela que nace
flor de espuma.
Na ondulación da arxila
corpo solar
que arborece no espello.
Liña de sede,
semente e sal,
a pel mariña,
a chama do tempo.
Este sopro ou queimazón violácea,
sulco fino de brisa,
a pulsación dos ollos
contra o sol da carne.
¿Está aquí escrito o exilio do desexo?
A adolescencia é unha fenda rosada,
suave eclipse,
esbelta ausencia.
Mais agora regresa esa febre
que beixa a lúa da boca,
punto de fuga que arde
no interior dunha maxia

de saliva e de seda.
O salto docísimo dunha lágrima
que avivece invisíbel,
unha rosa de area
que brilla no recordo.
Aparición e signo, corpo
que o instante fai milagre,
espellismo do ceo,
revelación dourada
que o mar
estremece no sangue.

PAISAXE PÁLPITO

A liña amarela da sombra está máis viva
nos vidros que inflama o mar como un norte de altura
entre rúas de sábado ondulado cando Marzo rebenta
en armazón de espumas, lámpadas de xiz violento,
xanelas de pálpito mariño, queimazón fría do tempo,
edificios que declinan o sal da luz nun perfil de dureza.

Puntos de fuga que arden na esfera violácea dun ollo,
quebrada pulsación do horizonte como un tremor no labio,
o vento na nudez desolada do ceo;
fábrica azul que vacía o brillo das horas,
péndulo lentísimo de asombro e materiais que tremen
no andamio da distancia, unha flor de penumbra
dividindo no espello as láminas da brisa.

A liña amarela da sombra traza o tránsito leve
da tarde repetida. Marzo é un mar
que agoniza nas vidrazas do inverno,
nas torres de aluminio, nas fachadas sombrizas.
Unha fenda sonámbula medra na luz e agora
estala un astro de febre espesa, ramos de claridade,
volumes repentinos de praia arborecida,
norte de lonxanía que trae o sopro iluminado das marés.

Vertixe de navío, a cidade vai ser a lentitude dun milagre
medido cos ollos. Filtros de luz vencida,
redes que entregan un desmaio imantado no ceo,

cisternas vermellas que verten auga escura
no fondal do crepúsculo.

Agora os ollos vixían o pensamento
que se detén nun ángulo, nun vértice de sombra;
o semáforo negro, a vexetación urbana da noite,
a pel do ar unha cobra de ollos de aceite seco;
a exhalación das prazas cadáveres de inverno;
todas as cores cinza, un pozo dentro do corpo.

Esta é a hora na que se perde a cabeza:
o arrecendo do abismo é a paisaxe interior
que calcina estes versos.
A primavera nace aquí, lonxano remuíño
que trae a flor do sangue cando se fechan os ollos.

A VIAXE

A Jordi Virallonga

DESEXO neste poema que a flor da lonxanía
veña azul sobre min, agora que parto e deixo o mar
e unha terra escura descobre no meu sangue
o vello camiño da tristeza.

Vou ao Sul. Procuro a suave dirección doutros días,
a luz branca doutros corpos.
Abandono a cinza e a miseria deste tempo
atado aos homes e ás mulleres dunha cidade estraña
como o vento que cruza desolado as súas rúas.

Vivo entre bárbaros e todo horizonte é un alivio.

Por iso me despido da última árbore
e conservo nos meus ollos como un gume de asombro
o beixo da chuvia e os crepúsculos.

Porque é preciso inaugurar unha nova saúde
que ilumine nos meses a patria do desexo
e deixar que as raíces medren coa sede dunha estrela.

Sei que todo destino é unha rara alianza
entre o vacío, a nada e un segredo que brilla
no corazón.

E a esa luz me entrego, nudez e queimadura,
fervor de alba, perfil de ceo que treme
neste verso que foxe, como un soño,
do tempo e da morte.

AVANZA O DESERTO

VEXAN aí, no centro da praza, esa luz
estrañamente azulada,
un perfil de secura no ar, claridade de sal violácea
nalgúns ollos.

E nas rúas observen como medra unha bágoa
dentro de si mesma, nos vidros,
na transeúnte lámpada das horas.

Ollen para o ceo e sintan no seu sangue un sol nevado,
unha súbita flor de queimazón e asombro.
O mar, que lonxe aquí, que escuro na memoria.

Este vento que agora desprega a súa sede inclinada de chuvias
sobe do pozo dos meses como un animal de lento voo
para pegarse á pel, espesa lingua quente
ata a nudez da carne.

E todo tan sabor a sombra, a pedra, a astro.

Porque, reparen ben, avanza a fenda,
a ruína interior, a páxina oculta do óxido,
un mapa de erosión azul na penumbra do abismo.

Vexan ben o que sinala a lonxanía
e descubran aí o ser inmóbil do mundo.
O labio detecta todas as poeiras do horizonte,

a soedade escrita das árbores,
a fábrica secreta do crepúsculo.

Contemplen a rara flor xeadá desta hora
e saiban no derradeiro brillo do poema
esa estraña multitude vacía do silencio,
a masa nocturnal que treme na distancia,
o gran ángulo negro que fecha toda raíz, todo sopro,
cando avanza o deserto e vai entrando
como un mar de xiz cego e invisíbel
no desolado corazón das cidades.

OS QUE QUEREN A PAZ

Os que soñan unha patria de árbores antigas
e o sol treme na seiva como unha chama verde
inaugurando a luz dos campos.

Os que teñen o mar prendido nos seus ollos
e len no vento a rota invisíbel dunha estrela
que anuncia a exhalación do norte.

Os que cantan na hora central dos días
—ternura necesaria de palabras de arxila—
contra a forma metálica do medo,
contra o pozo que sobe como un fío de pedra
amordazando a auga.

Os que procuran a suave dirección dos menceiros
e furan na códea do silencio o brillo azul,
a casa do horizonte construindo outra luz,
a brisa xerminal que acende o corazón da flor.

Os que saben na altura da memoria
medir o verso humano do futuro:
a terra libre que clamou tanto sangue,
o astro firme na voz que foi semente,
a condición do amor orientando as raíces,
a cantiga que eleva a lucidez do mundo.

Contra a dor ancorada no remuíño escuro do tempo,
contra o arame negro que transita a pobreza,
contra a fame sonámbula vaciada na noite,
contra o terror que arde na historia repetida,
os que queren a paz fenden o duro muro da paciencia
e avanza arborecendo a liberdade,
medrando como un río de palabras que ferven,
armados como o vento que asubía triunfante
sobre o férrido pedernal
que derrubou
a primeira hora liberada do abrente.

TEOREMA DO VERA0

I

Os días non se moven. Oxídase no espello o meu alento de onte. E vén agora esa brisa de lonxe a acender a lámpada oculta da tristura. ¿Por que un corpo precisa da sede dos seus propios soños?

II

Aquí tamén presinto a dozura sombriza dun afogado ingrávio, un sepelio mariño que roza a miña alma de espuma inexplicábel. Estar vivo é unha ausencia e os seus fíos que atan a unha brasa de pulmón azul, raíz de fósforo, desorientada dor que renace nas rúas cando respiro o mar e de repente ardo nunha praia lonxana.

Os días non se moven e hai unha luz entre amarela e láctea suspensa nas mañás. Este verao é estraño. Ten cúpulas durmidas en penumbra e un arco de silencio tensado na distancia como unha forma cruel.

Ás veces eu escribo un poema protexido no olvido.

III

Días de xiz inflamado, animal de mordedura branca, o sol acedo bebendo o alento da sombra; a división do corpo, aquí, no pensamento da sede.

Días como caixas baleiras que brillan, territorios ancorados nunha liña quente do ar, o líquido espeso das horas esvarando pola pel e anunciando a duración desolada do tempo.

IV

Constrúo na memoria a frescura dunha voz que é unha alquimia suave de aves a cantar por riba da auga. Río invisíbel de estrelas diurnas, espello limpísimo para contemplar a ondulación secreta da pureza: ese movemento que roza o sangue coa súa transparencia.

E a distancia cega por un intre este verso.

Lembro a forma exacta do perfil perfumado, aquel alento de chama de veludo, a lingua de mel estremecendo a alba. Lembro o reumíño de seda, o soño adolescente da chuvia no cabelo, aquela transmigración rosada no corpo.

E a distancia cega por un intre este verso.

Sei que debo salvar esta loucura de flor e de cinza, este asombro que nace do latexo doce do fogo, esta insistencia que reclama un corpo de sementes de lentitude branca e multitude mariña.

E a distancia cega por un intre este verso.

V

O vello poema de René Char é unha fotografía perfecta da alma.

Nas encostas da aldea esplenden campos adrezados de mimosas. No tempo da colleita acontece que, lonxe destes campos brillantes, topamos co extremado arrecendo dunha moza cuíos brazos viviron a tarefa diaria de andaren á demouca das delicadas ponlas. Semellante a unha lámpada nimbada de claridade e de perfume, alónxase, virándolle as costas ao solpor.

Sería sacrilexio dirixirlle a palabra.

Coa alparca pisando na herba, cedédelle o paso no camiño. Quizais teñades a fortuna de distinguirdes nos seus labios a quimera da humidade da noite.

VI

Este verao prolonga a forma das feridas.

Unha serpe de pedra morde a fría queimadura da espiral dos días. É admirábel esta dor que morre como un peixe, silenciosa, tatuada, horizontal de sílabas e espellos quebrados.

VII

Un corpo pode vivir enterrado no ar, respirando un tremor de rúas mortas, sentindo cada golpe de silencio nas tempas.

Un corpo é un milagre meticuloso de resistencia nas horas últimas e azuis, cando a luz salitrosa fende a pel e descobre aí un mar apagado no sangue.

Un corpo sabe padecer o verao, as ofuscantes agullas que torturan o desexo, o oco triangular dunha soedade que se incrusta no vacío.

VIII

E os días non se moven. Só a fábrica da lonxanía traballa para que eu non durma. No horizonte, ese país inventado e descoñecido, habita un nome. É imposible chegar a el, tocalo cos labios, bebelo coa saliva, mordelo de brancura vermella, devoralo como un prodixio de furia e de calma.

IX

Debo asistir, sen tormento, á lección da inmovilidade. Aínda que é difícil borrar e eco da acción, a pura acción que consiste en rozar as asas da morte.

Irei contando as noites que faltan sen que ninguén o saiba.

Erguerei como abrigo un muro de paciencia.

O verao é unha ofensa. Os meses calcinados como unha oración de febre, un combate premido de saloucos contra o vento.

Mais debo resistir no centro inmóbil, neste teorema estraño de climas contrarios. Teño a necesaria fe no invisíbel para realizar o poema, o poema que alimenta e que salva. O poema que ilumina por dentro. O poema escrito no gume da esperanza. O poema concebido como un canto ao abismo. O poema que ama.

X

O poema que ama.

Alí estarei, vivo como a ledicia, cando a lonxanía desteza de súbito a linguaxe da ausencia.


Eu sei que a miña vida futura é un verao feliz no seu rostro.

Eu sei que o corpo é unha alquimia de soños.


Eu sei que o tempo é unha bágoa que queima o olvido.

E finalmente sei que a miña liberdade é un accidente do amor.

L'autor ha llegit aquests poemes al Centre de Cultura «Sa Nostra»
el dia 13 de desembre de 1999



57. XAVIER RODRÍGUEZ BAIXERAS. *Poemas*
58. CARLOS MARZAL. *Poemas*
59. MARIA VICTORIA ATENCIA. *Poemas*
60. RAFAEL JUÁREZ. *Lo que vale una vida*
61. ANA ROSSETTI. *Poemas*
62. ANTONI VIDAL FERRANDO. *Poemes*
63. JAIME SILES. *Poemas*
64. ELOY SÁNCHEZ ROSILLO. *Poemas*
65. MEMÒRIA DE MARIA ANTÒNIA SALVÀ
66. JAUME ROSSELLÓ MIR. *Llum vol dir ombra*
67. JENARO TALENS. *Paraíso clausurado*
68. JAUME PONT. *La flor de llot*
69. DIEGO JESÚS JIMÉNEZ. *Poemas*
70. XAVIER ABRAHAM. *De matinada, baix el persistent reflex...*
71. ANTÒNIA ARBONA. *Cadència*
72. JULIO MARTÍNEZ MESANZA. *Fragmentos de Europa. 1977-1997*
73. TEOBALDO A. NORIEGA. *Ars Amandi*
74. BERNAT NADAL. *El fràgil desig*
75. ENRIQUE BADOSA. *XXIV Sonetos*
76. RAFAEL DE CÓZAR. *Poemas*
77. DIEGO DONCEL. *Poemas*
78. JESÚS MUNÁRRIZ. *Oficios varios*
79. NARCÍS COMADIRA. *Poemes*
80. SEBASTIÀ VIDAL. *Poemes*
81. ARCADIO LÓPEZ-CASANOVA. *Mester de poeta [1969-1999]*
82. VICENT BERENGUER. *Prova d'actor*
83. VICENT ALONSO. *Poemes*
84. ANTONIO PIEDRA. *Argumento de la cal*
85. OLVIDO GARCÍA VALDÉS. *Poemas*
86. JOSEP M. MARTÍNEZ ANGLÈS. *Poemes*
87. AURORA LUQUE. *Cuaderno de Mallorca*
88. LLUÍS URPINELL-I-JOVANI. *Poemes*
89. JACOBO CORTINES. *Paisaje en el tiempo*
90. XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO. *Poemas*
91. JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ. *Poemas*
92. FRANCESC FLORIT NIN. *Memorial dels ulls*
93. MARC GRANELL. *Selecció de Poemes*
94. ALMUDENA GUZMÁN. *Poemas*



Universitat de les
Illes Balears

"SA
NOS
TRA"
Obra Social
i Cultural